

---

## CARTA A UN PROFESOR MOZO

Texto de PHILIPPE MEIRIEU

Tradución de HENRIQUE HARGUINDEY

Nota editorial de ANTÓN COSTA

Fotografía de portada de VICENTE BLANCO

---

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 144 páx. 14 €.

ISBN 978-84-8464-327-2. Biblioteca de Pedagogía, nº 5.

*“Quixera tentar procurar convosco o que funciona na cerna do oficio, ese fogar mitolóxico de onde parte o esencial da nosa enerxía e de onde vén tamén, nos momentos de depresión, o noso desazo. Quixera amosarvos que, malia a avalancha de disposicións máis ou menos oficiais e a complexidade da nosa institución escolar, malia o peso das tarefas administrativas que temos que realizar cada día, malia o formato dos nosos alumnos a través da mediocridade televisiva, malia as presións sociais que se exercen sobre nós dende todas as partes, malia a desaparición –no noso ambiente escolar e en moitas das nosas reunións de profesores– de toda pegada de poesía, é aínda posible que a transmisión aconteza na clase e que de súpeto o oficio teña, daquela, sentido...”*

Philippe Meirieu é unha das personalidades máis destacadas da actualidade en Francia no campo das Ciencias da Educación. Recoñecido polos seus textos e intervencións públicas en favor dunha visión progresista da escola e da educación, nesta “Carta a un profesor mozo” reflexiona sobre o oficio dos profesores na actual sociedade e aborda cuestións da formación deste gremio nas súas diversas vertentes: deontoloxía, ética, desenvolvemento cultural e didáctico, claves cidadás...

Redactouna en 2005, recén chegado ao cargo de director do Instituto Universitario de *Formation de Maîtres* de Lyon. Trátase dun ensaio para o profesorado máis novo con indicacións que van dende a acción docente entendida como parte de proxectos conxuntos a escala de centros, ata a existencia de proxectos de centro enfocados ao alumnado, pasando pola convición de que a educación debe ser inclusiva, consideracións sobre as avaliacións, a necesidade de traballar con esixencia, ou o funcionamento das escolas como institucións abertas á cidadanía.

A calidade didáctica e a súa intensa participación nos principais debates sobre a orientación dos programas de educación en Francia afloran nas páxinas do libro: lectura imprescindible construída con vigor intelectual. O propio autor asina un limiar redactado especificamente para esta edición en galego.

---

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---

PHILIPPE  
MEIRIEU

Carta  
a un profesor mozo

TRADUCIÓN DE HENRIQUE HARGUINDEY



■ **Temática:** formación do profesorado; educación.

■ **Receptores:** educadores.

■ **Aspectos destacables:** da colección 'Biblioteca de Pedagogía' que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos da colección: “A cidade dos nenos” e “Cando os nenos din Basta!”, de Francesco Tonucci, “Educación para un mundo novo”, de María Montessori; “A imaxinación e a expresión artística na infancia”, de Lev Vigotski.

### Philippe Meirieu

(Francia, 1949)

Profesor, educador, autor e investigador no eido das Ciencias Sociais, ademais de destacado participante en foros e debates sobre política educativa, e cidadán comprometido coas causas da liberdade, da xustiza e da cooperación. Tamén é un recoñecido especialista en estudos de Historia da Educación e militante a prol dos dereitos da infancia e da escola para todos, laica e democrática, é dicir, «republicana». Promotor dos movementos de Educación Popular, foi profesor de Educación Primaria e Secundaria antes de acceder ao ámbito universitario. Dirixiu o Instituto de Ciencias e Práctica da Educación e da Formación na Universidade Lumière en Lyon-2, o Instituto Nacional de Investigación Pedagóxica, e o Instituto Universitario de Formación de Mestres no mesmo centro académico. Actualmente é profesor emérito en Ciencias da Educación. Ten publicado numerosas obras e textos de ensaio reeditados en múltiples ocasións e traducidos a varias linguas. Dirixiu programas e series de televisión de temática educativa. Formou parte de comisións institucionais para o estudo e o debate das problemáticas do noso tempo no escenario da República francesa, así como redactor xefe da prestixiosa revista *Cahiers Pédagogiques*. Coordina a colección *Pédagogies* na editorial ESF e colabora en medios como *Le Nouvel Observateur*, *Le Monde* ou *Café Pédagogique*.

<http://www.meirieu.com>

«Esta obra recibiu unha axuda da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2017»